



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 69_xaneiro-xuño | pp. 129-144
Santiago de Compostela, 2025
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i69.5304>
© María Begoña López Portas
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 02/05/2025 | Aceptado: 26/06/2025

Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License

O controvertido papel da Oficina de Conflitos de Intereses como mecanismo de control das influencias indebidas nas decisións políticas

El controvertido papel de la Oficina de Conflictos de Intereses como mecanismo de control de las influencias indebidas en las decisiones políticas

The Controversial Role of the Office for Conflicts of Interest as a Mechanism for Controlling Undue Influence in Political Decision-Making

Regap⁶⁹

regap



COMENTARIOS

M.^a BEGOÑA LÓPEZ PORTAS

Profesora contratada doutora de Dereito Constitucional
Universidade de Santiago de Compostela (USC)

<https://orcid.org/0000-0003-3556-0422>

Resumo: O proceso de adopción de decisións institucionais exige unha reestruturación transparente que incorpore os grupos de presión en atención aos estándares internacionais. Nos últimos anos producíronse importantes avances que requiren a súa toma en consideración en termos de eficacia e eficiencia xurídica. Neste ámbito, a Oficina de Conflitos de Intereses está chamada a desempeñar un papel protagonista indubidable no control como mecanismo independente de fiscalización do *lobbying*.

Palabras clave: *Lobbying*, control político preventivo, transparencia, corrupción pública, Oficina de Conflitos de Intereses.

Resumen: El proceso de adopción de decisiones institucionales exige una reestructuración transparente que incorpore a los grupos de presión en atención a los estándares internacionales. En los últimos años se han producido importantes avances que requieren su toma en consideración en términos de eficacia y eficiencia jurídica. En este ámbito, la Oficina de Conflictos de Intereses está llamada a jugar un papel protagonista indubitado en el control como mecanismo independiente de fiscalización del *lobbying*.

Palabras clave: *Lobbying*, control político preventivo, transparencia, corrupción pública, Oficina de Conflictos de Intereses.

Abstract: The institutional decision-making process requires transparent restructuring that incorporates lobbyists in accordance with international standards. In recent years, there have been important advances that require consideration in terms of legal effectiveness and efficiency. In this area, the Conflict-of-Interest Office is called upon to play an undoubted leading role as an independent mechanism for lobbying control.

Key words: Lobbying, political preventive control, transparency, Public corruption, Conflicts-of-Interest Office.

Sumario: 1. O protagonismo indubidable do *lobbying* e a súa opacidade. 2. Baixo a sombra do incumprimento dos estándares internacionais. 3. Cara á configuración dun modelo eficaz de fiscalización. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas de consulta.

1. O protagonismo indubidable do *lobbying* e a súa opacidade

Transparencia Internacional no seu Índice de percepción da corrupción 2024 su-bliña que o 85 % da poboación mundial vive en países cun índice de percepción da corrupción inferior a 50. De forma particular, advirte que España, desde o ano 2017, experimenta un descenso estatístico significativo progresivo, catro puntos no último ano. O 34 % dos españois opinan que a corrupción se incrementou nos últimos doce meses, uns datos que se valoran como sinal de perigo ao comprender que os avan-ces contra a corrupción foron mínimos ou nulos e a súa percepción pola poboación é negativa. O noso Estado ocupa un posto que nos sitúa xunto a Chipre, Chequia e as Granadinas. Sepáranos trinta e catro puntos de Dinamarca, o Estado europeo mellor posicionado, e soamente quince de Hungría, que obtén a posición europea máis baixa¹. As cifras evidencian que non só nos queda moito camiño por avanzar na loita transparente contra a corrupción pública, senón que nos alarman dun feito indiscutible: a nosa situación é de maior risco que en anos anteriores.

Que pasou, ou, mellor dito, que non sucedeu para que nos atopemos aquí? A patente desconfianza sobre os órganos de goberno e a posterior transformación das institu-cións representativas no Estado de benestar reformula a necesidade de reconstruír a relación sociedade, economía e Estado baixo os parámetros da transparencia, bo goberno e participación cidadá, en termos de cantidade e calidade de instrumentos da boa gobernanza. A denominada dimensión contrademocrática debe terse presente á hora de analizar as democracias e as diferentes formas a través das que a socie-dade participa na construción do político². A súa indefinición conceptual e o perigo da opacidade da súa acción son un grave risco evidente para o noso sistema político de goberno. A lexitimación dos grupos de interese emerxe como unha necesidade

¹ Disponible en: <https://www.transparency.org/en/news/cpi-2024-western-europe-eu-leaders-hollow-efforts-cause-worsening-corruption-levels>, consultada o 20/2/2025.

² Cfr. GARCÍA GUTIÁN, E., "Representación y gobernabilidad: Una reflexión sobre el rol de los ciudadanos organizados en las democracias", en Molins, J.M., Muñoz Márquez, L. e Medina, I. (dirs.), *Los grupos de interés en España. La influencia de los lobbies en la política española*, Editorial Tecnos, Madrid, 2016, p. 68.

representativa e funcional dos sistemas democráticos contemporáneos e que no caso de España non parece alcanzar unha resposta satisfactoria, a teor dos datos expostos.

Unha pluralidade crecente de actores son protagonistas evidentes da sociedade civil, adoptando distintas técnicas en defensa dos valores lexítimos que representan. Indistintamente, os *lobbies*, os grupos de presión e os grupos de interese confúndense á hora desenvolver labores de presión política, xurídica, económica, social ou cultural que transcenden ao interese xeral. A súa conceptualización adquire unha relevancia primordial para os efectos da súa identificación inicial como obxecto regulatorio. Así, os grupos de presión poden entenderse, de forma ampla, como toda unión autónoma e organizada de individuos que leva a cabo accións para influír no poder en defensa duns intereses³. Agora ben, aplicar un concepto demasiado amplo dos grupos de interese pode xerar certas dúbidas sobre o fin último de regular a súa acción de forma transparente e eficaz. A súa definición require ser acoutada para evitar interpretacións que fixen obrigas innecesarias para os colectivos que non actúen como tales ou evitar que poidan colidir co exercicio do dereito de participación cidadá do artigo 105 da Constitución⁴.

Ao mesmo tempo que aumentan as exixencias dunha maior participación pública cidadá, emerxe o grave problema da opacidade e suspicacia do *lobbying*. O *lobbying* é unha forma de participación política non institucionalizada, polo que se cuestiona a súa inserción no sistema democrático. A falta dunha articulación normativa axeitada á súa intensa actividade, a carencia dun órgano específico de control ou a inexistencia dun rexistro propio dificultan a monitorización da súa pegada lexislativa no ordenamento xurídico⁵. O control social dos grupos de presión é unha imperiosa necesidade ligada á rexeneración democrática do noso sistema político, aínda que debe producirse dunha forma equilibrada, formal e simétrica. O *lobbying* non controlado redunda nun incremento dos riscos de corrupción. Unha corrupción que vai máis alá do ámbito xurídico esténdese sobre o ámbito político e normativo baixo a fórmula dunha corrupción legal⁶, motivo polo que a súa regulación e fiscalización ocupan un protagonismo indubidable das axendas político-xurídicas nas últimas décadas. Ao afondar máis na súa análise, observamos así que o modelo de regulación dos grupos de presión se expande polo mundo. Os principais instrumentos da súa articulación son a transparencia do suxeito activo e dos recursos empregados nas súas actividades, incluídas, ben en informes periódicos, ben mediante o seu rexistro ou a través do control das axendas institucionais.

³ Cfr. RUBIO NÚÑEZ, R.: "La actividad de los grupos de presión ante el poder ejecutivo: una respuesta jurídica más allá del registro", *Teoría y Realidad constitucional*, n.º 40, UNED, Madrid, 2017, pp. 399-401.

⁴ Cfr. RIDAO MARTÍN, J., "La regulación de los *lobbies* en el ámbito institucional del Estado. Una revisión crítica del alcance de las recientes iniciativas legislativas", en Cotino Hueso, L. e Boix Palop, A., "*El buen gobierno y la transparencia, a caballo entre la Ética y el Derecho*", en *DILEMATA, Revista Internacional de Éticas aplicadas*, n.º 27, ano 10, 2018, p. 77.

⁵ Cfr. PONCE SOLÉ, J., *Mejora de la Regulación, Lobbies y Huella legislativa*, colección monografías, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019.

⁶ Cfr. REVUELTA, A. e VILLORIA, M., "La regulación de los grupos de interés como instrumento de prevención de la corrupción", en Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, p. 409.

A desnormativización europea parece esvaecerse ao avanzar cara a un modelo xuridicamente máis articulado. Países como Polonia, Francia ou Austria empezaron a regular este tipo de actividades. Únense así a Alemaña, que conta cunha lei *ad hoc* desde o ano 1951. Non obviemos que o marco europeo se apoia nun rexistro de transparencia interconectado das institucións —o Parlamento Europeo, o Consello da Unión Europea e a Comisión Europea— onde, desde 2014, se deben facer públicas todas as reunións mantidas cos eurodeputados. A obrigatoriedade deste rexistro planea como un requisito necesario que debe ser definido para regular os vinte mil *lobbies* europeos.

Neste contexto, os mecanismos de control da integridade do poder lexislativo e poder executivo son máis necesarios que nunca e exixen unha estrita vixilancia ata a eliminación progresiva das medidas excepcionais adoptadas, como subliña, en outubro de 2020, o Informe da Comisión de Venecia —véxase o informe provisional sobre as medidas adoptadas nos Estados membros da UE como resultado da crise da covid-19 e o seu impacto na democracia, o Estado de dereito e os dereitos fundamentais⁷—. Transparencia Internacional fai entón unha valoración demoledora da situación no seu Índice de percepción da corrupción 2022: o nivel de corrupción mundial está estancado, sen apenas variacións en máis dunha década, e existe un contexto social cada vez máis violento. Neste escenario, España acumula xa entón continuos retrocesos anuais no seu *ranking* mundial⁸, uns resultados que nos fan cuestionar as medidas políticas e normativas adoptadas, xa que nos arrastran á actual situación de risco en que nos atopamos.

2. Baixo a sombra do incumprimento dos estándares internacionais

Nos sistemas democráticos actuais, a distinción na defensa do interese particular dunha minoría fronte ao xeral doutros reverte no punto de partida á hora de analizar a súa forma de control, unha fiscalización definida pola sospeita permanente sobre os *lobbies* e pola exixencia dunha vixilancia estreita e regulada da súa acción política. Resulta complicado perfilar a súa lexitimidade baixo a fórmula de goberno aberto. A redución dos espazos opacos é unha prioridade evidente na axenda de políticos e lobistas nun intento de ruptura do binomio *lobbying*-corrupción. O control da actividade dos poderes públicos é un requisito incuestionable do Estado de dereito que redunda na necesidade de superar a desafección cidadá polo público.

Numerosas organizacións internacionais pronúncianse sobre os problemas de transparencia causados polo *lobbying*. Hai máis dunha década que Transparencia Internacional formula a necesidade de realizar informes nacionais de avaliación dos regulamentos, políticas e prácticas existentes e propón a elaboración de

⁷ Disponible en: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52020SC0308&from=EN>, consultada o 23/2/2025.

⁸ Disponible en: https://images.transparencycdn.org/images/Report_CPI2022_English.pdf, consultada o 24/02/2025.

recomendacións e solucións que deben ser consideradas polos responsables da toma de decisións e os representantes dos intereses dos sectores público e privado —sirva de exemplo o informe *Transparency International's report Money, Power and Politics* (2012)⁹—. Tres anos máis tarde, no seu informe *Lobbying in Europe: hidden influence, privileged Access* (2015) subliña, entre outros elementos, que a inclusión normativa de mecanismos de seguimento e a identificación de condutas reprobables —como pode ser o uso indebido de información confidencial, o conflito de intereses ou as portas xiratorias— se convierten en elementos imprescindibles dunha regulación eficaz do *lobbying*¹⁰. Nesta liña, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos —OCDE— dá un paso máis, propón que os seus principios de transparencia e integridade deben adecuarse ao novo contexto tecnolóxico das redes sociais —véxase o informe *Lobbying in the 21st Century: Transparency, Integrity and Access* (2021)¹¹—.

Un ámbito, o da rendición de contas no sector público, onde España mostra evidentes déficits que parten da débil garantía constitucional da transparencia articulada sobre o dereito de acceso á información pública no artigo 105.b) da Constitución e ao ser interpretada como un dereito de configuración legal. Máis alá do ámbito do dereito á participación cidadá nos asuntos públicos —considerado no artigo 23 da carta magna— ou na elaboración das normas —recollido no artigo 133 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común—, é necesario que a actividade dos *lobbies* sexa pública e transparente e estea monitorizada. Non obstante, o *right to know* incluído na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, é un principio de configuración administrativa, unha conceptualización que desborda o seu fundamento constitucional, o título competencial invocado, os suxeitos obrigados e o suxeito de dereito no marco dun Estado social e democrático de dereito¹². Ao vincular o dereito de acceso á información pública a un dereito limitado, arriscámonos a fraxilizar de forma irremisible a súa natureza xurídica como principio de configuración administrativa¹³. Achámonos ante un dereito que non abrangue nin toda a información pública nin todos os poderes públicos, só se refire aos rexistros e arquivos públicos relativos á Administración. Non podemos obviar que o artigo 2.f e a disposición adicional oitava da Lei 19/2013 limitan a transparencia ás actividades suxeitas a dereito administrativo, sen prexuízo do que establezan os parlamentos en virtude do seu principio de autonomía. En todo caso, o principio de transparencia non pode desasociarse nin diversificarse en función de se se refire á publicidade

regap



COMENTARIOS

⁹ Dispoñible en: https://images.transparencycdn.org/images/2012_CorruptionRisksInEurope_EN.pdf, consultada o 23/02/2025.

¹⁰ Dispoñible en: https://images.transparencycdn.org/images/2015_LobbyingInEurope_EN.pdf, consultada o 23/2/2025.

¹¹ Dispoñible en <https://www.oecd-ilibrary.org/sites/c6d8eff8-en/index.html?itemId=/content/publication/c6d8eff8-en>, consultada o 23/2/2025.

¹² Cfr. GUICHOT REINA, E., "Transparencia y acceso a la información pública en el marco de la lucha contra la corrupción", en Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, p. 146.

¹³ Cfr. LÓPEZ PORTAS, M. B., *Lobbies, transparencia gubernamental y participación política*, colección monografías Dykinson, Madrid, 2024, p. 31.

activa ou pasiva e interpretarse, en consecuencia, de forma desigual segundo o tipo de actividade —suxeita ou non a dereito administrativo—.

Por outra banda, e en consecuencia, a vontade do lexislador cobra un protagonismo excepcional que supera as previsións constitucionais. Por esta razón, ata datas moi recentes e con algunhas excepcións destacables, atopámonos ante un limitado sistema de fiscalización administrativa da transparencia. Neste sentido, hai que subliñar que a carencia dun órgano de verdadeiro control ou fiscalización é un dos elementos definitorios iniciais dunha regulación xurídica translúcida do fenómeno *lobbying* no noso ordenamento xurídico. A Lei 13/2019 diseña un réxime sancionador parco, os artigos 9.3 e 20.6 soamente se refiren aos incumprimentos reiterados da publicidade activa e á obriga de resolver en prazo as solicitudes de acceso cando os implicados sexan administracións e organismos públicos. Máis alá das excepcións normativas da súa aplicabilidade consideradas nos artigos 14, 15 e 18 da norma referida, a súa posible definición como un dereito de acceso parcial a teor do artigo 16, evidenciamos que non se considerou a inclusión de regulación estatal de *lobbies* e, como engadido, obsérvase un reflexo desigual na normativa autonómica que xa se manifesta na esfera obxectiva dos suxeitos obrigados, de tal importancia como poden ser os parlamentos. Máis aínda cando nos referimos a determinada información como a económica ou orzamentaria relativa a todo tipo de contratos. Nesta liña avanza a nosa xurisprudencia. Como subliña o Tribunal Supremo na súa sentenza do 11 de xuño de 2012, unha serie de datos relevantes sobre a formación da vontade pública permanece na “caixa negra” das institucións, motivo polo que, á hora de determinar a validez das obrigas contractuais pactadas, a conduta do *lobby* require unha valoración en cada caso.

Debemos advertir, ademais, que a ineficiencia dos actuais instrumentos preventivos —como son as declaracións patrimoniais ou a prohibición de actividades profesionais dos altos cargos— é evidente se observamos os datos revelados pola Oficina de Conflitos de Intereses da Administración xeral do Estado. Desde o ano 2008 ata o 2022, só se denegaron o 3,6 % de solicitudes totais presentadas por ex altos cargos para comezar a traballar no sector privado antes de que transcorra o prazo legal de dous anos exixido tras o seu cesamento. Debe engadirse un dato curioso: no período referenciado, todos os exministros solicitantes recibiron a súa aprobación¹⁴. Deste xeito, xórdennos serias dúbidas sobre a suficiencia da natureza organizativa da Oficina de Conflitos de Intereses como órgano encargado do control interno das incompatibilidades do que se pode cuestionar a súa autonomía funcional e a súa capacidade de reacción ante o incumprimento normativo¹⁵. As súas funcións limítanse á

¹⁴ Dispoñible en: https://transparencia.gob.es/servicios-buscador/buscar.htm?categoria=autorizaciones_ind&lang=es&orderBy=fecHaAutorizacion&or=DESC, consultada o 23/2/2025.

¹⁵ Neste sentido, podemos sinalar un dato de interese: as dúas últimas resolucións da Secretaría de Estado de Función Pública referidas ao ano 2024 revelan que non se incoa nin se resolve ningún expediente en virtude da Lei 19/2013 nin da Lei 3/2015. *Vid.* os informes semestrais sobre o grao de cumprimento das obrigas establecidas pola Lei 3/2015 presentados pola Secretaría de Estado de Función Pública. Dispoñible en: <https://funcionpublica.digital.gob.es/etica/Obligaciones-art-22-Ley-3-2015.html>, consultada o 24/02/2025.

elaboración de informes¹⁶, xestionar o réxime de incompatibilidades de altos cargos, requirirille o cumprimento das obrigas previstas no momento do nomeamento ou cesamento, a xestión e custodia dos rexistros de actividades e bens patrimoniais de altos cargos ou a colaboración con órganos análogos. Tampouco esquezamos que se trata dunha dirección xeral do Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública que non pode impor ningún tipo de sanción e, en todo caso, carece de autonomía para incoar expedientes sancionadores. A Lei 40/2015 configúrao como órgano competente da instrución do expediente, pero non prevé que a Oficina lles poida solicitar ao ministro ou ao Consello de Ministros a incoación de expediente sancionador. Ante o seu débil papel, xorden posicións extrapoladas: Transparencia Internacional propón reforzar a súa independencia da Oficina de Conflitos de Intereses e o establecemento dun réxime de investigación sistemático cunhas obrigas de rendición de contas por parte desta¹⁷; só se verdadeiramente se reforzan estas debilidades podería actuar como un mecanismo de control. En cambio, Betancor avoga pola intervención xeral da Administración do Estado, xa que, adscrita á Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, coas garantías axeitadas podería despregar as funcións de control dentro da propia organización da Administración e velar, por exemplo, por que as portas xiratorias se desenvolvan conforme as cautelas establecidas na normativa vixente¹⁸.

Finalmente, non obviemos que o Consello de Europa nos advertiu de forma reiterada acerca do incumprimento das súas recomendacións sobre prevención da corrupción. En particular, o Grupo de Estados contra a Corrupción do Consello de Europa —GRECO— entende só parcialmente atendido o seu encargo de introducir normas sobre como deben relacionarse os poderes públicos con terceiros potencialmente influentes. Os seus informes de monitorización referidos á cuarta e quinta rolda evidencian graves dificultades á hora de atender ás súas recomendacións e alertan sobre a necesidade dun maior avance no ámbito dos tres poderes do Estado. Neste ámbito, o GRECO subliña, en particular, a necesidade de potenciar a Oficina de Conflitos de Intereses e o Consello de Transparencia e Bo Goberno como mecanismos de fiscalización sobre os que pivoten os principios de transparencia e control¹⁹. Desde hai case unha década, o problema obxecto da nosa análise non se resolveu coas medidas adoptadas, permanece aberto.

En concreto, a cuarta rolda de avaliación do GRECO resalta que a ausencia de apoio parlamentario non permite concretar ningunha das propostas de reforma

¹⁶ O artigo 22 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, simplemente dispón que, para asegurar a transparencia do control do réxime de incompatibilidades previsto nela, a Oficina de Conflitos de Intereses enviará un informe cada seis meses ao Goberno para a súa remisión ao Congreso dos Deputados. Este informe reflicte con datos personalizados e identificativos dos responsables o cumprimento polos altos cargos das obrigas de declarar, así como das infraccións cometidas e as sancións impostas.

¹⁷ Vid. "Aportaciones de Transparencia Internacional España consulta pública previa sobre el anteproyecto de ley de transparencia e integridad en las actividades de los grupos de interés", 28 de mayo 2021. Dispoñible en: <https://transparencia.org.es/wp-content/uploads/2021/10/ALEGACIONES-TI-ESPAÑA-A-CONSULTA-PÚBLICA-PREVIA-SOBRE-ANTEPROYECTO-DE-LEY-DE-PREVENCIÓN-DE-CONFLICTOS-DE-INTERESES-DEL-PERSONAL-AL-SERVICIO-DEL-SECTOR-PÚBLICO.pdf>, consultada o 23/02/2024.

¹⁸ Cfr. BETANCOR, A., "Puertas giratorias: regulación y control", en Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, pp. 178-182.

¹⁹ Dispoñible en: <https://www.coe.int/en/web/greco/evaluations/spain>, consultada o 23/2/2025.

dos regulamentos parlamentarios que inclúan as súas recomendacións, un problema que se ve agravado polo feito de que ningunha institución ou servizo dentro do Parlamento ten poder para investigar —a excepción da Comisión do Estatuto dos Deputados se se sospeita que pode haber tráfico de influencias dentro do Congreso e só a instancias do grupo parlamentario do deputado cuxa reputación está en dúbida—. Por este motivo, o GRECO ao mesmo tempo formula a necesidade de potenciar a Comisión para a auditoría da calidade democrática, a loita contra a corrupción e as reformas institucionais e legais —creada no ano 2016 no seo do Congreso— como foro de diálogo para promover reformas encamiñadas a mellorar a calidade do sistema democrático mediante a análise do réxime de incompatibilidades dos cargos públicos, evitar conflitos de intereses e estudar a efectividade das novas medidas e instrumentos en ámbitos como os da transparencia, a rexeneración democrática ou a loita contra a corrupción. Producíronse avances destacables como a aprobación, o 1 de outubro de 2020, do Código de conduta das Cortes Xerais, onde se consideran obrigas reforzadas de transparencia —mesmo referidas á información relativa aos contactos de deputados e senadores con terceiros— e requisitos adicionais de publicación. Este código encoméndalle á Oficina de Conflitos de Intereses o seu cumprimento e funcións confidenciais de asesoramento e supervisión; tamén pode solicitarlles aos deputados e senadores calquera información necesaria para poder determinar a existencia dun posible conflito de interese; e, finalmente, debe elaborar un informe anual de actividades no cal se inclúen posibles recomendacións de mellora do sistema de integridade das Cortes Xerais. En todo caso, non podemos obviar que a súa acción é limitada, pois, se a oficina lle solicita a un parlamentario máis detalles e valora que os datos achegados non son satisfactorios, só pode remitir o asunto á mesa da cámara ou á comisión pertinente, para que estas adopten as medidas de cumprimento aplicables. Por todo iso, o GRECO solicita que se lle manteña informado sobre cal é a súa eficacia práctica por se é necesario realizar novos axustes. Non obstante, advirte que cómpre elaborar unha regulamentación específica dos grupos de interese. Valora como provisionais as medidas referidas á transparencia neste ámbito incorporadas no código de conduta referido. As súas disposicións específicas relativas á transparencia das axendas dos parlamentarios, así como á pegada lexislativa —dos *lobbies* que participan na iniciativa lexislativa, fase de consulta ou na preparación do proxecto—, requiren un maior avance, unha regulación singular que aclare cuestións non resoltas como os períodos de incompatibilidade ou o rexistro de grupos de interese. Neste sentido, engade que estas previsións deben complementarse co labor de asesoramento e orientación que preste a Oficina de Conflitos de Intereses no ámbito da transparencia, integridade e rendición de contas. Así, subliña ademais un feito alarmante: o informe anual presentado en xullo de 2022 pola Oficina de Conflitos de Intereses das Cortes, anteriormente referido, revela que a inmensa maioría dos seus membros non publicaron a súa axenda parlamentaria nin persoal —douscentos sete fronte a só setenta e oito que si o fixeron—, un dato que evidencia as dificultades que atravesas aínda de forma lamentable a transparencia neste apartado. O GRECO subliña tamén que os actuais formularios de declaración aplicables aos membros das

dúas cámaras para aumentar as categorías e o nivel de detalle da información que continúan pendentes de pasos adicionais para actualizar o sistema de declaración financeira, máis alá da iniciativa do Congreso dos Deputados de lles exixir aos seus membros que revelen os seus intereses económicos antes de asumir o mandato parlamentario a teor do código de conduta, debe estenderse ao Senado e ampliar a obriga de información. Finalmente, o GRECO conclúe que a regulación entre parlamentarios e *lobbies* é a única recomendación pendente no plano parlamentario da cuarta rolda, xa que a aprobación no ano 2020 dun código de conduta para as Cortes non foi suficiente na práctica. Os contactos entre deputados, senadores e grupos de presión permanecen opacos.

Desde o punto de vista do Executivo, o GRECO completa a súa análise sobre a situación da transparencia en España coa quinta rolda de avaliación en que examina a prevención da corrupción da integridade nos gobernos centrais, funcións executivas superiores e os organismos encargados de facer cumprir a lei. O GRECO destaca a posta en marcha desde o ano 2013 de reformas estruturais importantes no ámbito da transparencia baixo o Plan de rexeneración democrática. En concreto, refírese a dúas normas: a Lei 19/2013, do 9 de decembro, sobre transparencia, acceso á información e bo goberno, e á Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado. O GRECO reitera, unha vez máis, que debe prestarse unha “maior atención” ás facultades e recursos da Oficina de Conflitos de Intereses, unha deficiencia que se manifesta tamén nos seus homólogos autonómicos. Agora ben, valora como insuficiente o control da aplicación da Lei 3/2015, do 30 de marzo, e exixe a súa ampliación práctica —en particular, no correspondente ao seu réxime de asesoramento, supervisión e execución, unha maior intervención na cuestión das portas xiratorias ou o control da información relacionada co persoal con altas funcións executivas, incluídas as súas axendas ou contactos con terceiros, entre os que inclúe os *lobbies*—. Conclúe, así, que a supervisión e rendición de contas aínda son áreas pendentes de máis atención e requiren unha revisión do órgano xudicial competente para coñecer do denominado aforamento. Nesta liña, propón tamén o reforzo do status, as competencias e os recursos da Oficina de Conflitos de Intereses para garantir a súa independencia. Cómpre desenvolver unha estratexia máis integral en materia de loita contra a corrupción, e esta require a publicidade da información financeira con novos axustes e unha maior desagregación, co fin de lograr a debida transparencia. Ademais, o GRECO advirte unha vez máis que deben introducirse regras sobre como as persoas encargadas destes labores executivos se involucran en contactos con conspiradores e outros terceiros que buscan influír no traballo lexislativo, establecer períodos de incompatibilidade, formar os parlamentarios en rendición de contas na súa relación con eles ou a necesidade de delimitar a pegada lexislativa. Nesta lista de cuestións pendentes, o GRECO destaca que debe prestarse unha “maior atención” ás facultades e recursos da Oficina de Conflitos de Intereses.

En definitiva, os informes de monitorización emitidos polo Grupo de Estados contra a Corrupción do Consello de Europa evidencian os principais problemas de control do *lobbying* en España detectados pola Oficina de Conflitos de Intereses, entre

regap



COMENTARIOS

outros elementos, que deben ser resoltos —non esquezamos que España é membro fundador do GRECO, desde marzo de 1999—, un labor de fiscalización que, en todo caso, é limitado. O Goberno ata a data non autorizou a publicación do segundo informe de avaliación do cumprimento das recomendacións do GRECO correspondentes á quinta rolda²⁰, a pesar de que este organismo reiterou a importancia de non demorar máis esta acción. Lamentamos que os Estados membros sexan os que, finalmente, deciden se estes informes son publicados —un feito que redunda en certo paradoxo no ámbito da transparencia— e que se reduza a súa avaliación só á normativa estatal, xa que é no eido autonómico onde se produce o maior avance regulatorio en España.

3. Cara á configuración dun modelo de fiscalización con amplas facultades de vixilancia e sanción

Transparencia Internacional, nos informes xa sinalados, resalta a necesidade de que no ámbito da fiscalización das regulacións debe crearse un órgano independente que actúe como un mecanismo coordinado. Polo tanto, non pode posporse máis dar unha resposta clara e efectiva ás deficiencias regulatorias sinaladas. Porén, como acabamos de ver, os informes correspondentes á cuarta e quinta rolda de avaliación do GRECO evidencian a insuficiencia das reformas adoptadas neste sentido respecto ao Consello de Transparencia ou á Oficina de Conflitos de Intereses. O órgano fiscalizador debe contar con recursos suficientes e a disposición de persoal para xestionar de forma eficaz o rexistro, verificar os conflitos de intereses, xestionar a información proactiva, prestar consultoría ou monitorizar e investigar as denuncias. Malia iso, este labor, como regra xeral, está debilitado funcionalmente no ordenamento estatal e autonómico. Unha carencia fiscalizadora que se constata, ben porque non se constitúe como un verdadeiro órgano de control independente con amplas facultades sancionadoras reais, ben porque estas funcións recaen sobre o mesmo órgano de rexistro.

O informe presentado pola Oficina de Conflitos de Intereses referido ao ano 2024²¹ é revelador. O seu labor de consulta reflicte a súa escasa actividade, cínquese a só dúas relacionadas co cumprimento do código de conduta relativas ás declaracións de intereses económicos. A pesar do estipulado no seu artigo 6.2 do Código de conduta das Cortes e as recomendacións feitas en informes anteriores, só corenta e seis deputados e sesenta e catro senadores publicaron a súa axenda de reunións con grupos de interese, unha información que se presenta como anotacións ocasionais e non regulares, e refírense á mera asistencia a actos. Constátase, así, o incumprimento reiterado das recomendacións e a improbable fiabilidade dos datos como reflexo da actividade real dos membros das cámaras. Sobre esta inobservancia do cumprimento do código de conduta, a Oficina de Conflitos de Intereses simplemente se limita a recordar a obriga dos membros das cámaras de publicar nas súas axendas

²⁰ Dispoñible en: <https://www.coe.int/en/web/greco/evaluations/spain>, consultada o 6/03/2025.

²¹ Dispoñible en: https://www.congreso.es/public_oficiales/L15/CORT/BOCG/A/BOCG-15-CG-A-126.PDF#page=15, consultada o 6/03/2024.

as reunións mantidas cos grupos de interese. Deste xeito, evidenciamos que a súa eficacia queda en dúbida ao limitar o seu labor fiscalizador a detectar puntos de mellora do cumprimento das obrigas do código de conduta das cámaras sen reforzar a súa acción cunha capacidade sancionadora a pesar dos incumprimentos reiterados das recomendacións de anteriores informes. Urxe articular un verdadeiro sistema de supervisión e rendición de contas eficaz do Código de conduta que recaia sobre este órgano e non dependa de que a mesa da cámara ou a comisión correspondente adopte as medidas de cumprimento que considere oportunas. As súas competencias e recursos requiren unha desagregación máis detallada da información financeira e unha maior atención tamén no ámbito do poder executivo, un control sobre o cumprimento do seu deber de transparencia que ten que estenderse non só con carácter previo á existencia dun posible conflito de interese, senón tamén sobre as restricións posteriores ao desempeño do emprego. O control sobre o perigo das portas xiratorias e o deber sobre a declaración de bens e actividades que poidan constituír conflitos de intereses debe ampliarse máis alá dos altos cargos, comprender tamén os seus asesores. Nesta liña, resulta evidente que a delimitación detallada da actividade que pode desenvolver o grupo de presión é de extrema importancia. O artigo 65.2 da lei madrileña é un claro exemplo de boa regulación ao recoller de modo exhaustivo as condutas do *lobbying*, aínda que non está de máis deixar algunha cláusula aberta, a xeito de caixón de xastre, que permita incluír outras accións de influencia que teñan cabida no *lobbying* omitidas ou descoñecidas, dado o avance dos sistemas tecnolóxicos e as dificultades que definen a súa falta de control —é o caso do emprego de *bots*, intelixencia artificial creativa, ou o uso de tecnoloxías descentralizadas como o *blockchain*, por citar algúns exemplos—.

O modelo asimétrico de fiscalización no ámbito autonómico debe superarse. Con carácter xeral, as comunidades autónomas adscriben este rexistro ao poder executivo, en concreto á consellaría que asume as competencias no ámbito da transparencia e o bo goberno —a excepción da axencia aragonesa de integridade e ética pública vinculada ás Cortes de Aragón—. Unha vez máis, xórdennos serias dúbidas sobre a efectividade deste modelo de control executivo maioritario onde o labor de fiscalización recae sobre o mesmo órgano de control do rexistro. A monitorización por un terceiro independente parece garantir en maior medida un control imparcial, pero ese mecanismo de fiscalización debe ser unificado ou, polo menos, integrado. A Oficina de Conflitos de Intereses, o Consello de Transparencia ou os seus homólogos autonómicos, mesmo a creación de novos organismos —como as oficinas antifraude catalá, as axencias de prevención e loita contra a fraude e corrupción valenciana ou balear, a oficina asturiana de bo goberno e loita contra a corrupción ou a axencia aragonesa de integridade e ética públicas—, poden atender de mellor xeito ese requisito. En todo caso, se non se garante a súa independencia económico-financeira e político-xurídica, o fracaso está asegurado. Un verdadeiro control do *lobbying* require a súa comprensión expansiva e integradora nun modelo unificado con amplas facultades de vixilancia e sanción sobre os distintos poderes do Estado nos seus diferentes niveis territoriais. Debe superarse a súa singularidade regulatoria. Só así evitaremos que

Regap



COMENTARIOS

a acción dos *lobbies* pase desapercibida e se filtre a través das fisuras que o propio ordenamento xurídico establece.

Como sinalamos, un rexistro común e integrado, na liña do europeo, pode ser un bo comezo para reestruturar ese modelo de control real e independente. Un mecanismo de fiscalización integrado e imparcial é o seguinte paso. Como simplifica JIMÉNEZ ASENSIO, os elementos propios que, desde unha perspectiva interna, definen un sistema de integridade institucional completo son os seguintes: un plan de integridade que fixe os obxectivos, finalidades, instrumentos e garantías; un código ético ou de conduta que estableza os valores e normas de actuación; mecanismos de difusión e comunicación do seu contido; medidas de prevención que reforcen os mecanismos de integridade e que permitan a avaliación de riscos e a xestión de conflitos de intereses; canles e procedementos de resolución de dúbidas, queixas ou denuncias internas; un órgano de garantía con autonomía funcional que fiscalice o sistema de integridade; instrumentos de autorregulación, entre os que se inclúen os rexistros de grupos de interese; e, finalmente, unha avaliación continua do seu funcionamento.

En definitiva, observamos que a cultura governamental e administrativa apenas puxeron atención neste concepto de integridade pública. A desorde normativa regulatoria sobre a integridade institucional do sector público require a adopción dun sistema de integridade institucional²². Ese modelo de control demanda, ademais, estenderse de forma interrelacionada ao ámbito infraestatal e superar as deficiencias normativas sinaladas. Con carácter xeral, e a diferenza da regulación estatal, vimos que as regulacións autonómicas se refiren ao control do executivo, salvo no caso de Aragón, en que a Lei 5/2017 de integridade de éticas públicas articula de forma conxunta a súa monitorización no ámbito executivo e lexislativo, se ben é certo que as leis de transparencia de Cataluña e Castela-A Mancha establecen un mandato de regulación dirixido ás súas asembleas lexislativas que se materializa mediante a reforma dos seus regulamentos parlamentarios. Non obstante, debe avanzarse máis alá e estender o modelo de control interrelacionado a todos os poderes do Estado e a todos os niveis en consonancia coa regulación europea. Só deste xeito alcanzaremos unha regulación eficaz e comprensiva da influencia sobre os poderes públicos polos *lobbies* ou a cidadanía, atendendo mellor así ao xa mencionado criterio da acción, como propón RUBIO NÚÑEZ²³.

4.- Conclusións

O protagonismo adquirido polos *lobbies* na actividade lexislativa como dinamizadores das axendas públicas e da cidadanía exige a súa articulación normativa no noso sistema democrático. A transparencia eríxese como un instrumento esencial neste cambio de paradigma, xa que permite un maior control do político e pode garantir a

²² Cfr. JIMÉNEZ ASENSIO, R., "Sistemas de integridad institucional y canales internos de información: desafíos y puntos críticos", *Revista Española de Control Externo*, vol. XXIV, n.º 72, septiembre, Tribunal de Contas, Madrid, 2022, pp. 36-38.

²³ Cfr. RUBIO NÚÑEZ, R., "La actividad de los grupos de presión ante el poder ejecutivo: una respuesta jurídica más allá del registro", *Teoría y Realidad constitucional*, n.º 40, UNED, Madrid, 2017, pp. 406-408.

súa integridade e unha maior igualdade de acceso dos grupos de interese. Non obstante, a súa aplicabilidade e eficacia no noso ordenamento xurídico está condicionada ao seu desenvolvemento normativo. O modelo de participación dos *lobbies* en España é un modelo semiinstitucionalizado, incompleto e diferenciado que incorpora criterios de representatividade e participación, revestido de certo grao de informalidade e cuxa influencia se dirixe maiormente sobre o Executivo.

Aínda que nos últimos anos observamos o inicio dun proceso de regulación do *lobbying* no noso ordenamento xurídico, ese avance é lento e desigual. Requírese a adopción de medidas normativas adicionais e transversais por parte dos poderes públicos que materialicen meras declaracións de intencións de actores públicos, políticos e sociais. No ámbito do poder lexislativo, pode considerarse que unha publicidade máis detallada na páxina web das peticións presentadas ante os parlamentos e dos informes periódicos da súa tramitación e, ademais, a colaboración con organizacións civís de monitorización serán vías útiles na mellora desa transparencia²⁴. Evidentemente, a súa articulación mediante o propio regulamento das cámaras, a aprobación dunha lexislación específica ou a súa mera referencia nun código de conduta determinan de forma decisiva a forza normativa da súa regulación. Á luz das propostas normativas presentadas nos últimos meses, xórdennos importantes dúbidas sobre a súa exixibilidade máis alá do ámbito sancionatorio, a configuración dun verdadeiro sistema de fiscalización e control que transcenda á sanción aparelada ao incumprimento dun mero código de conduta. Non esquezamos que para loitar de xeito eficaz contra a corrupción é determinante a súa prevención, unha prevención que, en todo caso, está intimamente unida á calidade normativa²⁵.

Deste modo, imponse como reto superar o actual modelo informal e semiinstitucionalizado de medidas éticas e potenciais conflitos de intereses. Parécenos excesivo facer pivotar o modelo de control soamente sobre a reforma do Código penal que estende a responsabilidade ás persoas xurídicas, delito de tráfico de influencias ou o financiamento dos partidos políticos. Deben fortalecerse as medidas de control preventivo sen necesidade de ter que esperar a articular o control represivo —a vía xurisdiccional penal ou contencioso-administrativa—. Neste sentido, Transparencia Internacional España propón a creación dunha axencia ou órgano independente que xestione o sistema, monitoree e sancione os incumprimentos do sector privado e do público como un elemento a considerar no futuro anteproxecto de lei de transparencia e integridade nas actividades dos grupos de interese²⁶. En todo caso, resulta necesaria a configuración dun marco normativo conxunto e interrelacionado que comprenda

²⁴ Cfr. RUBIO NÚÑEZ, R., "La nueva ola de regulación de los grupos de presión parlamentarios", *Foro, Nueva época*, vol. 21, núm. 2, Universidad Complutense, Madrid, 2018, pp. 415-418.

²⁵ Cfr. PONCE SOLÉ, J., "Buen gobierno y derecho a la buena administración desde una perspectiva de calidad normativa. A propósito del libro de la profesora María de Benedetto, Corruption from a Regulatory Perspective", *Eunomía: Revista en Cultura de la Legalidad*, n.º 24, Universidad Carlos III, Madrid, 2023, pp. 379.

²⁶ Vid. "Aportaciones de Transparencia Internacional España consulta pública previa sobre el anteproyecto de ley de transparencia e integridad en las actividades de los grupos de interés", 28 de mayo 2021. Disponible en: <https://transparencia.org.es/wp-content/uploads/2021/10/ALEGACIONES-TI-ESPAÑA-A-CONSULTA-PÚBLICA-PREVIA-SOBRE-ANTEPROYECTO-DE-LEY-DE-PREVENCIÓN-DE-CONFLICTOS-DE-INTERESES-DEL-PERSONAL-AL-SERVICIO-DEL-SECTOR-PÚBLICO.pdf>, consultada o 27/2/2025.

a regulación da transparencia e integridade nas actividades dos grupos de interese, así como as previsións de prevención de conflitos de intereses do persoal ao servizo do sector público. Só así podería exercerse un verdadeiro control das actividades ou accións susceptibles de seren fiscalizadas. As últimas propostas normativas parecen ir nunha dobre liña: avalar a reforma de organismos existentes —como o Consello de Transparencia, a Oficina de Conflitos de Intereses, axencias anticorrupción ou as defensorías do pobo— ao mesmo tempo que a creación de novos —como a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación— baixo o perigo da duplicidade de funcións e ineficiencia mentres non se lles dote de medios necesarios, non se avalíe o cumprimento dos seus obxectivos ou se incumpran o seu resolucións. Ademais, e a pesar das súas debilidades, as canles internas de información articuladas en virtude da Lei 2/2023 de protección do informante ocupan unha posición preferente na prevención e detención de incumprimentos normativos e de loita contra a corrupción²⁷. Finalmente, non esquezamos que, ademais da Oficina de Conflitos de Intereses, o Consello de Transparencia ou órganos autonómicos habilitados para o desenvolvemento desta función fiscalizadora administrativa, a cidadanía pode recorrer directamente contra as resolucións ditadas en materia de acceso á información pública ante a xurisdición contencioso-administrativa, independentemente do suxeito público ou privado.

En definitiva, o marco opaco de fiscalización da actividade dos *lobbies* defínese baixo estas coordenadas: o seu problemático encaixe constitucional e a configuración legal administrativa da transparencia como un dereito disperso e prestacional²⁸. O control xurídico estatal dos grupos de interese require completar o modelo deficientemente deseñado para garantir un verdadeiro estado social e democrático de dereito. A falta de regulación normativa completa sobre o fenómeno *lobbying* no noso ordenamento xurídico transcende a unha limitada conceptualización xurídica da transparencia ou do réxime xurídico que articula a acción dos *lobbies*. Non debemos confiarnos, pois intentar cumprir cos requisitos formais da nova normativa de transparencia non equivale a que a cidadanía teña unha percepción real da súa participación no deseño das políticas públicas²⁹. O verdadeiro risco de corrupción dos *lobbies* é reflexo da carencia dunha verdadeira cultura e tradición da transparencia no noso ordenamento xurídico cuxo principal reflexo se observa, en último termo, no seu singular control e fiscalización. Debemos avanzar no camiño de superar esas limitacións co fin de mellorar os mecanismos de control das influencias indebias nas decisións políticas.

²⁷ Cfr. VV.AA., *Sistemas de información y protección de informantes en España*, Sierra Rodríguez, J. (dir.), Aranzadi La Ley, Madrid, 2025.

²⁸ Cfr. REY MARTÍNEZ, F., "Quod omnis tangit ab omnibus cognitum ess debet: el derecho de acceso a la información pública como derecho fundamental", *Revista Jurídica de Castilla y León*, n.º 33, maio, 2014, Consejería de Presidencia, Valladolid, p. 3/19.

²⁹ Cfr. MOLINS, J. M. e MEDINA, I., "Capítulo 18: Los grupos de interés", en Montalbes, J. e Martínez, A. (eds.), *Gobierno y Política en España*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019, p. 618.

5. Referencias bibliográficas de consulta

- BETANCOR, A., “Puertas giratorias: regulación y control” En Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, pp.157-183.
- GARCÍA GUITIÁN, E., “Representación y gobernabilidad: Una reflexión sobre el rol de los ciudadanos organizados en las democracias”, en Molins, J.M., Muñoz Márquez, L. e Medina, I. (dirs.), *Los grupos de interés en España. La influencia de los lobbies en la política española*, Editorial Tecnos, Madrid, 2016, pp.63-83.
- GUICHOT REINA, E., “Transparencia y acceso a la información pública en el marco de la lucha contra la corrupción”, en Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, pp.141-156.
- LÓPEZ PORTAS, M.ª B., *Lobbies, transparencia gubernamental y participación política*, colección monografías Dykinson, Madrid, 2024.
- JIMÉNEZ ASENSIO, R., “Sistemas de integridad institucional y canales internos de información: desafíos y puntos críticos”, *Revista Española de Control Externo*, vol. XXIV, n.º 72, septiembre, Tribunal de Contas, Madrid, 2022, pp. 36-59.
- MOLINS, J. M. e MEDINA, I., “Capítulo 18: Los grupos de interés”, en Montalbes, J. e Martínez, A. (eds.), *Gobierno y Política en España*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019, pp.615-645.
- PONCE SOLÉ, J., “Buen gobierno y derecho a la buena administración desde una perspectiva de calidad normativa. A propósito del libro de la profesora María de Benedetto, Corruption from a Regulatory Perspective”, *Eunomía: Revista en Cultura de la Legalidad*, n.º 24, Universidad Carlos III, Madrid, 2023, pp.377-401. (DOI: <https://doi.org/10.20318/eunomia.2023.7679>).
- PONCE SOLÉ, J., *Mejora de la Regulación, Lobbies y Huella legislativa*, colección monografías, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019.
- RAMÍREZ JIMÉNEZ, M., *Los grupos de presión en la segunda república española*, Tecnos 1969.
- RIDAO MARTÍN, J., “La regulación de los lobbies en el ámbito institucional del Estado. Una revisión crítica del alcance de las recientes iniciativas legislativas”, en Cotino Hueso, L. e Boix Palop, A., “El buen gobierno y la transparencia, a caballo entre la Ética y el Derecho”, *DILEMATA, Revista Internacional de Éticas aplicadas*, n.º 27, año 10, 2018, pp. 73-89. (<https://www.dilemata.net/revista/index.php/dilemata/article/view/412000215>)
- RUBIO NÚÑEZ, R., “La nueva ola de regulación de los grupos de presión parlamentarios”, *Foro, Nueva época*, vol. 21, núm. 2, Universidad Complutense, Madrid, 2018, pp. 397-420. (DOI: <https://doi.org/10.5209/FORO.64032>).
- RUBIO NÚÑEZ, R., “La actividad de los grupos de presión ante el poder ejecutivo: una respuesta jurídica más allá del registro”, *Teoría y Realidad constitucional*, n.º 40, UNED, Madrid, 2017, pp. 399-430. (DOI: <https://doi.org/10.5944/trc.40.2017.20920>).

regap



COMENTARIOS

- REVUELTA, A. e VILLORIA, M., “La regulación de los grupos de interés como instrumento de prevención de la corrupción”, en Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, pp. 409-434.
- REY MARTÍNEZ, F., “Quod omnis tangit ab omnibus cognitum ess debet: el derecho de acceso a la información pública como derecho fundamental”, *Revista Jurídica de Castilla y León*, n.º 33, maio, 2014, Consejería de Presidencia, Valladolid, pp. 1/19-19/19.
- VV.AA. *Sistemas de información y protección de informantes en España*, Sierra Rodríguez, J. (dir.), Aranzadi La Ley, Madrid, 2025.